Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Distintivo de Igualdade
Centro certificado FIDES-AUDIT

Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Informe da Directora
Xunta de Escola, 18 de febreiro de 2026

1 Actividades de representación

A directora informa da asistencia ás seguintes actividades de representación:

- 3 de decembro. Asistencia da directora aos actos de celebración de Santa Bárbara organizados pola Cámara Oficial de Minería de Galicia.

- 28 de xaneiro. Asistencia da directora aos actos de celebración de San Tomé. No acto entregáronse os seguintes premios a persoas relacionadas co centro:

  - Premio Extraordinario Grao en Enxeñaría da Enerxía, curso 2024/2025: Marcos Estévez
  - Premio Extraordinario Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, curso 2024/2025: Rafael da Hora
  - Premio de Excelencia Académica de acceso a estudos de Máster no 2024/2025: Rafael da Hora
  - Premio Extraordinario de Doutoramento á tese dirixida polo profesorado da Escola Mercedes Solla e Juan Luis Rodríguez Somoza. Autor: Alex Alonso Díaz. Título: "*Metodoloxías de integración de datos radar para a avaliación de infraestructuras do transporte e dixitalización do risc*o".

2 Reunións de traballo

- 9 de decembro. Reunión da directora e Raquel Pérez, como coordinadora de Normalización Lingüística na Escola, coa vicerreitora de Extensión Universitaria, para valorar a participación e acollida na Escola das celebracións do Día das Letra Galegas da UVigo.
- 28 de xaneiro. Asistencia de Raquel Pérez, como Nexo de Normalización Lingüística na Escola, á reunión convocada polo responsable de Normalización Lingüística da Uvigo.
- 5 de febreiro. Asistencia da directora e persoas coordinadoras das titulacións á reunión convocada pola vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica e para a información da normativa de recoñecemento de actividades docentes.
- 9 de febreiro de 2026. Asistencia de Guillermo García, como coordinador de Calidade da Escola, á reunión anual convocada pola Área de Calidade da UVigo para informar sobre Programas de Calidade e Procedementos de Avaliación.
- 11 de febreiro. Reunión da directora coas persoas responsables da organización da fase nacional da Olimpíada de Xeoloxía 2026.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

3 Desenvolvemento das titulacións

3.1 Formación no emprego da IAX na docencia para profesorado e estudantado

Realizouse a segunda edición da formación de docentes no emprego da IAX na docencia nas seguintes datas:

- 13/01/26: 9:00 - 12:00: Sesión 1 Introdución
- 14/01/26: 9:00 - 11:00: Sesión 2 Documentos
- 15/01/26: 9:00 - 11:00: Sesión 3 Programación
- 20/01/26: 9:00 - 12:00: Sesión 4 Xornada de posta en común do traballo autónomo.

En paralelo impartiuse un curso sobre o emprego da IAX na docencia para o estudantado das materias que participan no proxecto piloto. Ofertáronse dúas opcións e participaron 22 estudantes da Escola.

- Opción 1: 3 de febreiro en horario de tarde (de 15:00 a 18:00 horas)
- Opción 2: 11 de febreiro en horario de mañá (de 10:00 a 13:00 horas).

3.2 Distribución Grupos docencia B, 2º cuadrimestre

Levouse a cabo a asignación de estudantado aos grupos B. Para iso, o estudantado dispuxo dun espazo en MooVI para a selección de grupos B de cada unha das materias nas que está matriculado, establecéndose prazos de selección para cada curso. Posteriormente establecéronse dous prazos máis para solicitudes pendentes e pequenas modificacións. Finalizado o procedemento, o estudantado que non seleccionou grupo foi asignado seguindo a orde alfabética e priorizando encher aqueles grupos con menor número de persoas para que os grupos estivesen compensados.

As listaxes enviáronse ao profesorado. Ademais, a asignación de estudantado a grupos B trasladouse a SIGMA, polo que o profesorado debería dispor en SIGMA da distribución de grupos B.

Agradécese o traballo realizado por Guillermo García, Iria Feijoo e Joaquín Martínez, responsable da Escola de TIC.

3.3 Proxecto colaborativo

O 16 de xaneiro tivo lugar a *"Xornada do Proxecto Colaborativo"*, presentación dos proxectos a público non especializado, participando alumnado do CPR Jesuitinas Miralba (Vigo) de 1º e 2º Bacharelato.

Estudantado dos graos en Enxeñaría da Enerxía e en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, entre eles dous alumnos do programa Erasmus procedentes da *ESAIP École d'Ingénieurs* (Francia), participaron na 3ª edición da presentación dos proxectos desenvolvidos na materia baseada na metodoloxía de aprendizaxe colaborativa. Na xornada, o estudantado da materia "*Proxecto Colaborativo*" (23 estudantes) presentou os seus traballos á comunidade educativa da Escola e tamén ao estudantado e profesorado de bacharelato do CPR Miralba de Vigo. Os proxectos foron:

- "*Deseño dun sistema para a recuperación das lagoas no Campus Universitario de Vigo*"
- "*IA xerativa para o cálculo de propiedades de seguridade viaria en estrad*as"
- "*Captura de CO_2 mediante disolventes de deseño biocompatibles*"

- "*Análise de datos en plantas de materiais*".

Agradécese a Ana Rodríguez o labor de coordinación da materia e o apoio, na organización da xornada, de Francisco Deive e Raquel Pérez.

4 Celebración de Santa Bárbara

O 10 de decembro tivo lugar na Escola o acto de celebración da patroa do centro, Santa Bárbara, e realizáronse as seguintes actividades:

4.1 Entrega de Premios do Concurso ENFOCA.RME 2025

As persoas premiadas foron:

- 1º Premio: José Reyes Belzunce, título: "*Gran Placa Solar*"
- 2º Premio. José Ángel Arias, título "*Salida de la luna por el parque eólico*"
- Accésit: Ricardo Hernández Bouzada, título "*Mirando ao futuro*".

Agradécese o labor do xurado, ás persoas participantes e a Raquel Pérez a coordinación e organización do concurso.

4.2 Presentación do proxecto de virtualización no METAVERSO do taller de recoñecemento de minerais

Nos actos de celebración de Santa Bárbara presentouse o resultado do proxecto de *Virtualización do taller de recoñecemento de minerais no METAVERSO UVigo*. A presentación correu a cargo de Teresa Rivas Brea, coordinadora do proxecto, realizado polo grupo de innovación docente XEODA.

4.3 Entrega dos Premios COIMNE

Durante os actos de celebración de Santa Bárbara entregáronse os Premios COIMNE aos mellores expedientes de acceso ao Máster Universitario en Enxeñería de Minas. Entregou os Premios o Decano-Presidente do COIMNE, Juan José Fernández Díaz. Cada premio supón unha dotación de 500 €. As persoas premiadas foron Rafael Da Hora Lavigne e Adrián López Insua, mellores expediente de acceso ao máster desde os graos do centro.

O COIMNE tamén fixo entrega dos premios aos mellores expedientes de acceso ao Grao en Enxeñería da Enerxía. As persoas premiadas foron Martín Rodríguez Abella e Enol Ruíz Hernández. A dotación de cada premio é de 300 euros.

4.4 Entrega dos Premios COITMGA

Entrega dos Premios COITMGA (Colexio de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia) aos mellores expedientes de acceso ao Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. Entregou os Premios a directora da Escola en representación do COITMGA. As persoas premiadas foron: Álvaro Velázquez Refoxos e Nicolás Fraga Ojeda. A dotación de cada premio é de 300 euros.

Agradécese ao COIMNE é ao COITMGA a dotación dos premios e a súa colaboración coa Escola.

5 Igualdade

5.1 Día da Muller e da Nena na Ciencia. *Elas Fan CienTec*

O día 11 de febreiro, a Escola participou nas actividades organizadas pola Unidade de Cultura Científica e a Unidade de Igualdade para conmemorar o "Día internacional da Muller e da Nena na Ciencia". A escola recibiu a 31 nenas do IES do Castro de 4º da ESO e realizáronse as seguintes actividades:

- Sesión benvida: "As mulleres e as STEM" (María Pazo)
- "*The She-ience Games: Catching Fire*" (Raquel Pérez-Orozco e María Pazo)
- "EnerXIKAS" (Paula Vega, Marta Caride e Noelia Bouzas)
- "*Crebacabezas Mineral-Metal-Aplicación*" (Silvia Gómez e María Araújo).

O evento foi organizado por María Pazo, Enlace de Igualdade da EME.

Agradécese ás persoas participantes no desenvolvemento das actividades en materia de Igualdade e a María Pazo coordinación das mesmas.

5.2 Sesións formativas en materia de igualdade

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
06/02/2026	IES do Milladoiro (Ames)	ESO e Bach	63	María Pazo e Raquel Pérez	EnerXIKAS
06/02/2026	IES Vilalonga (Sanxenxo)	1º e 2º Bach	59	María Pazo e Raquel Pérez	EnerXIKAS

5.3 Solicitudes en convocatorias UVIGO

Presentáronse as seguintes solicitudes ás convocatorias da UVigo:

- Axudas de actividades docentes en materia de xénero. Solicitouse a actividade "*EMErxikas*", coordinada por María Pazo e Raquel Pérez.
- Axudas de sensibilización en materia de xénero. Solicitouse a actividade "*IV Xornada: Falamos de futuro? Un encontro próximo con profesionais do sector*". Coordinadoras María Pazo e Elena Alonso.

6 Relacións Internacionais

Infórmase das actividades realizadas por Francisco Deive en calidade de Coordinador de RRII da Escola:

- En febreiro de 2026 incorporáronse á EME tres estudantes internacionais: Mana Chayan Mejeant, procedente da Escola Politécnica do Chimborazo (Ecuador), e Eranui Yandyan, procedente da Ilia State University (Xeorxia), que cursarán materias dos graos, e María José Morais Galleguillos, procedente da Universidade Católica do Norte (Chile) que cursará primeiro do Máster Universitario en Enxeñería de Minas.
- Desde o 8 ao 12 de xuño de 2026, visitarannos as profesoras Bozena Babiarz e Joana Krason, da Facultade de Enxeñería Ambiental e Civil da Universidade Tecnolóxica de Rzeszow en Polonia, que traballan no campo da eficiencia enerxética.

Agradécese a Francisco Deive o traballo realizado en calidade de responsable de RRII do centro.

7 Actividades de Divulgación Científica

7.1 Sesións informativas graos (a través do SIE)

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante
12/01/2026	IES Illa de Tambo (Marín)	2º Bach	21	Raquel Pérez
12/01/2026	IES As Barxas (Moaña)	2º Bach	7	Raquel Pérez
13/01/2026	CPR Plurilingüe Jesuitinas Miralba (Vigo)	2º Bach	14	Raquel Pérez
14/01/2026	CPR Divino Salvador (Vigo)	4º ESO	7	Raquel Pérez
14/01/2026	Colexio Los Sauces (Vigo)	2º Bach	18	Raquel Pérez
15/01/2026	IES Coruxo (Vigo)	2º Bach	16	Raquel Pérez
15/01/2026	IES da Cañiza (A Cañiza)	1º e 2º Bach	9	Raquel Pérez
16/01/2026	IES República Oriental do Uruguay (Vigo)	2º Bach	21	Raquel Pérez

7.2 Conferencias nos IES

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
28/11/2025	IES do Castro (Vigo)	1º e 2º Bach	46	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
17/12/2025	IES do Castro (Vigo)	1º Bach	21	Carlos Pérez	A chispa azul
19/12/2025	IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)	3º e 4º ESO	75	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
08/01/2026	IES Plurilingüe de Ames (Ames)	2º Bach	14	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
08/01/2026	IES Canido (Ferrol)	1º e 2º Bach	27	Francisco Deive	Sesión informativa sobre os Graos
08/01/2026	IES Saturnino Montojo (Ferrol)	1º Bach	31	Francisco Deive	Sesión informativa sobre os Graos
09/01/2026	IES As Mariñas (Betanzos)	2º Bach	33	Francisco Deive	Sesión informativa sobre os Graos
09/01/2026	IES de Sada (Sada)	22 Bach	21	Francisco Deive	Sesión informativa sobre os Graos
09/01/2026	IES Marco do Camballón (Vila de Cruces)	4º ESO	30	Javier López	Intelixencia Artificial
09/01/2026	IES de Monterroso (Monterroso)	4º ESO, 1º e 2º Bach, FP básica e FP medio	51	Javier López	Intelixencia Artificial
12/01/2026	IES Concepción Arenal (Ferrol)	1º Bach	60	Francisco Deive	Sesión informativa sobre os Graos
12/01/2026	IES de Fene (Fene)	1º Bach	23	Francisco Deive	Sesión informativa sobre os Graos

14/01/2026	IES As Telleiras (Narón)	2º Bach	58	Francisco Deive	Sesión informativa sobre os Graos
14/01/2026	IES Moncho Valcarce (As Pontes de García Rodríguez)	1º 2º Bach	30	Francisco Deive	Sesión informativa sobre os Graos
19/01/2026	IES Virxe do Mar (Noia)	2º Bach	50	Elena Alonso	Restauración de espazos mineiros
21/01/2026	IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia)	4º ESO, 1º e 2º Bach	67	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
30/01/2026	IES Xograr Afonso Gómez (Sarria)	3º ESO	48	Raquel Pérez	Intelixencia Artificial
03/02/2026	IES Manuel Chamoso Lamas (O Carballiño)	1º e 2º Bach	22	Benito Vázquez	Física Re-Creativa – Espectroscopía e Difracción
05/02/2026	IES Alonso Ríos (Tomiño)	1º Bach	30	Iago Pozo	Conservación do Patrimonio Cultural
06/02/2026	IES do Milladoiro (Ames)	ESO e Bach	63	María Pazo e Raquel Pérez	EnerXIKAS
06/02/2026	IES Vilalonga (Sanxenxo)	1º e 2º Bach	59	María Pazo e Raquel Pérez	EnerXIKAS

7.3 Aula Aberta á TecnoCiencia

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
01/12/2025	Colexio Vigo (Redondela)	2º Bach	25	Mario Soilán, Antón Núñez e Juan Carlos Navares Amanda Franco e Juan José García	Xeotecnoloxías Combustión
03/12/2025	IES de Mos	4º ESO 1º e 2º Bach	18	Beatriz Guitián e Aránzazu Pintos	Enxeñaría de Materiais
18/12/2025	IES do Castro (Vigo)	4º ESO	60	Benito Vázquez Amanda Franco e Juan José García	Física Re-Creativa Combustión
09/01/2026	IES Johan Carballeira (Bueu)	1º Bach	16	Marta Caride e Raquel Pérez	Combustión
15/01/2026	IES Terra de Soneira (Vimianzo)	1º Bach	23	Benito Vázquez Amanda Franco e Marta Caride	Física Re-Creativa Combustión
16/01/2026	Colexio Jesuitinas Miralba (Vigo)	1º e 2º Bach	23	Moisés Cordeiro e Pablo López Antón Núñez e Juan Carlos Navares	Intelixencia Artificial Xeotecnoloxías
20/01/2026	IES Beade (Vigo)	1º Bach	12	Francisco Deive María Araújo e Pablo Alonso	Enx. Química The Wall
21/01/2026	IES Castelao (Vigo)	1º Bach	35	Amanda Franco e Marta Caride	Combustión

7.4 Obradoiro recoñecemento Minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
12/12/2025	IES Rosalía de Castro (Santiago de Compostela)	1º ESO	106	Ignacio Pérez e María Pazo	No centro educativo
09/01/2026	IES Johan Carballeira (Bueu)	1º Bach	16	Ignacio Pérez	Na EEME
14/01/2026	IES Ricardo Mella (Vigo)	4º ESO e 1º Bach	21	Teresa Rivas e Laura Andrés	Na EEME
21/01/2026	IES Castelao (Vigo)	1º Bach	35	Raquel Pérez	Na EEME

7.5 Participación en Feiras

Data	Nome	Colexio/IES	Actividade	PDI participante
15/01/2026	Feira de Orientación	Colexio Jesuitinas Miralba	*Stand* da EME (Información sobre os Graos e as saídas laborais)	Raquel Pérez

7.6 Conferencias na EME

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI participante	Conferencia
03/12/2025	IES de Mos	4º ESO, 1º e 2º Bach	18	María Araújo	Minería Espacial
14/01/2026	IES Ricardo Mella	4º ESO e 1º Bach	21	Ignacio Pérez	A arte de non caer
15/01/2026	IES Terra de Soneira	1º Bach	23	María Araújo	Minería Espacial
12/02/2026	Programa LCA	Preuniversitario	25	Francisco Deive e Raquel Pérez	Sesión informativa sobre os Graos

7.7 Olimpíada de Xeoloxía

O 4 de febreiro, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía volveu ser sede provincial da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía na súa XVII edición. A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa organizada pola "*Sociedad Geológica Española*" e a AEPECT (*"Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra"*). En particular a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía recibiu 114 estudantes de 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato, procedentes de 17 centros da provincia de Pontevedra. Ao longo do día o alumnado enfrontouse a unha proba práctica e un exame teórico. Os centros participantes foron: IES A Guía (Vigo), IES Coruxo (Vigo), IES de Teis (Vigo), IES Indalecio Pérez Tizón (Tui), IES Johan Carballeira (Bueu), IES Mendiño (Redondela), IES Pedra da Auga (Ponteareas), IES Pedras Rubias (Salceda de Caselas), IES Plurilingüe Terra de Turonio (Gondomar), IES Politécnico de Vigo (Vigo), IES Primeiro de Marzo (Baiona), IES Republica Oriental do Uruguai (Vigo), IES Ribeira do Louro (O Porriño), IES Salvaterra de Miño (Salvaterra de Miño), IES San Paio (Tui), IES Val Miñor (Nigrán) e IES Valle Inclán (Pontevedra).

Pola tarde o centro organizou actividades formativas, que foron as seguintes:

- PALEO 3D (Bienvenido Díez, Manuel García, Samuel Fernández e Sara Bermúdez)
- Intelixencia Artificial (Moisés Cordeiro, Pablo López e Raquel Pérez)
- Crebacabezas dos materiais (Iria Feijoó e Silvia Gómez)

- Piro&Tecnia (Juan José García, Marta Caride, Amanda Franco e Jorge Caramés).

Participaron como persoal de apoio Adam Aboujaafar, Ángel Carrera, Lucas Chorén, Yago Loureiro, Guillermo Lubián, Diego Mena, Paulina Tomé, o persoal de conserxería e Carmen Romo.

Agradécese a Raquel Pérez e Carmen Romo o traballo realizado en relación á organización do evento.

7.8 Olimpíada da Enerxía

A segunda edición da Olimpíada da Enerxía estase a desenvolver con normalidade.

7.9 STEMBach

O 15 de xaneiro defendeuse o proxecto STEMBach dirixido polo profesor Iago Pozo, titulado "*Evaluar el estado y la conservación del arte callejero en su área*", realizado por tres estudantes do colexio As Acacias.

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o labor de coordinación.

8 Sistema Garantía Calidade

8.1 Selo Excelencia Grao Enxeñaría da Enerxía

Presentouse á Secretaría Xeral de Universidades a solicitude do Grao en Enxeñaría da Enerxía na convocatoria do Selo de grao de Excelencia para titulacións do SUG.

8.2 Solicitude Distintivo Empregabilidade

Presentouse á Área de Emprego e Emprendemento a solicitude da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía na convocatoria do Distintivo de Empregabilidade da Uvigo.

8.3 Enquisas Avaliación Docente

O 2 de decembro achégase un correo ás persoas coordinadoras das materia do primeiro cuadrimestre coa proposta da dirección para potenciar a participación do estudantado nas EAD. Concretamente, propóñense as seguintes opcións e se achega un formulario para que se indique a preferencia:

- Opción 1. Que o profesorado da materia reserve 10 minutos de docencia para propoñer ao estudantado que realice as enquisas nese momento.
- Opción 2. Que o profesorado da materia reserve 10 minutos de docencia e solicite que unha persoa do equipo directivo ou coordinador pase a realizar as enquisas.

O 9 de febreiro achégase un correo a todo o profesorado de materias do primeiro cuadrimestre lembrando a fin do prazo de realización das enquisas e pregando que comproben en SIGMA a súa visibilidade, co fin de que o estudantado dispoña da oportunidade de cubrilas nestes días.

O 12 de febreiro achégase un correo informativo a todo o estudantado e varios membros do equipo de dirección pasan 10-15 minutos polas aulas dos diferentes cursos lembrando a fin do prazo e pedindo ao alumnado que as realice.

A presidenta presenta os resultados da participación na data actual, destacanto os bós resultados.

Titulación/centro	Porcentaxe
Escola de Enxeñaría de Minas	34,52%
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	38,84%
Grao en Enxeñaría da Enerxía	33,65%
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	33,83%
Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga	48,00%

Agradécese a Francisco Deive, Iria Feijoó, Raquel Pérez e Guillermo García o traballo realizado para incentivar a participación nas EAD.

8.4 Enquisa Satisfacción (ES) 2025/2026

1 de decembro. Inicio da realización da **Enquisa de satisfacción do estudantado coas titulacións oficiais** correspondente ao curso 2025/2026. O prazo remata o **30 de xuño**.

- Poderá participar na enquisa o estudantado que estea matriculado polo menos nunha materia dos dous últimos cursos de cada titulación. No caso das titulacións de máster poderá participar todo o estudantado.
- Modifícase o cuestionario deste xeito:
    - Elimínase a pregunta "*A utilidade das prácticas da titulación*" do bloque "*Organización e desenvolvemento*"
    - Engádese a pregunta "*As p*rácticas externas en entidades ou empresas, se procede" no bloque "Resultados de Aprendizaxe".

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade e ás persoas que participaron nas diferentes actividades do SGIC.

9 Profesorado

9.1 DOCENTIA

O 3 de febreiro celebrouse a sesión informativa para o profesorado da Escola sobre o V Programa DOCENTIA quinquenal. Asistiron un total de 12 profesores/as.

Infórmase de que xa se publicou a listaxe provisional de solicitudes admitidas a trámite.

10 Recursos materiais e infraestruturas

- Planificouse a reforma do espazo da antiga aula de reprografía para dotar á escola dunha nova aula de informática. O equipamento (mesas e computadores) xa foron adquiridos, e estase á espera de abordar a obra.

Agradécese a Francisco Deive o traballo realizado como responsable de AAEE e infraestruturas da Escola.

11 Plan Acción Titorial

11.1 Orientación académica e profesional

- 10 de decembro. Conferencia impartida por Juan José Fernández Díez, Decano-Presidente del COIMNE a estudantado da Escola sobre o exercicio da profesión de enxeñeiro/a de minas.
- 17 decembro. Conferencia impartida por Álvaro Martín Morán a estudantado e profesorado da Escola sobre o ordenamento xurídico da tecnoloxía de hidróxeno.

12 Prensa e noticias. Comunidade da Escola

- "Premios, innovación e vocación profesional para celebrar Santa Bárbara 2025".
- "O 11F que descubrín na UVigo que quería ser científica Desenvolvemento titulacións".
- "O 26 Foro Tecnolóxico de Emprego amplía o foco ao alumnado de Formación Profesional".
- "A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía acolle un cento de estudantes que poñen a proba os seus coñecementos xeolóxicos".
- "Investigadores de Cintecx desenvolven un sistema que predí a calidade do aire interior en tempo real".
- "Unha metodoloxía clave para a transición dixital e sostible do saneamento europeo gaña o Cintecx Challenge 2026".
- "A UVigo participa nun proxecto que optimizará o deseño das pendentes das minas a ceo aberto para mellorar a súa eficiencia e a sustentabilidade".
- "Unha vintena de estudantes a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía participan na 3ª edición da presentación dos proxectos colaborativos".
- "O campus de Vigo abre as súas escolas e facultades a preto de 700 estudantes de secundaria".
- "Cintecx lanza o Challenge 2026 para impulsar proxectos colaborativos de I+D".
- *Traconroc*, impulsado por Ignacio Pérez Rey e Aránzazu Pintos Alonso, aborda como se comportan as rochas cando se someten a esforzos de tracción en condicións confinadas. Un coñecemento clave para sectores como a minería, a construción de túneles ou a enxeñaría civil, onde a seguridade depende de prever como reaccionan os materiais baixo presión.
- O terceiro proxecto premiado na edición de 2025 foi *Gal-Bayes*, coordinado por Mario Soilán Rodríguez e María Pazo Rodríguez, que aposta pola intelixencia artificial aplicada á xestión da auga. Utilizando modelos de linguaxe para xerar redes bayesianas, busca predicir e optimizar o uso dos recursos hídricos. Nun contexto de cambio climático e escaseza de auga, esta ferramenta pode converterse nun aliado fundamental para garantir un consumo responsable e sostible.
- "Premios, innovación e vocación profesional para celebrar Santa Bárbara 2025".
- "Patricia González, investigadora do grupo *GeoTech*, gaña a primeira edición da 'Gargallada Científica' da Uvigo".

13 Delegación de Alumnado

Delegación de Alumnado da Escola organizou as seguintes actividades con motivo da celebración de Santa Bárbara 2025.

- 4 de decembro. Organización da celebración de estudantado, profesorado e PTXAS da escola
- Carreira cancelada por meteoroloxía adversa o día programado e realizouse con posterioridade.
- Campaña de suadoiros

Agradécese o labor realizado por Delegación de Alumnado.

14 Comunidade da Escola

14.1 CINTECX Challenge 2025.

María Pazo e Mario Soilán. Xeración automatizada mediante modelos de linguaxe de redes Bayesianas para a xestión de recursos hídricos, Gal-Bayes.

Ignacio Pérez-Rey e Aránzazu Pintos. Análise do comportamento mecánico de rochas en tracción confinada, Traconroc.

14.2 CINTECX Challenge 2026.

David Fernandes e Sergio Chapela. *Desarrollo de un marco metodológico para modelos subrogados basados en simulaciones avanzadas aplicado a sistemas de tratamiento de aguas (AQUA-SUB).*

14.3 Defensa teses de doutoramento

O 12 de decembro Mohammad Tariq presentou a súa tese "*Novel Additives for Controlled Gas Hydrates Formation and Growth*", dirixida por Ana Rodríguez e Francisco Deive.

O 28 de novembro Javier Grandío González presentou a súa tese "*Aplicación de técnicas de aprendizaxe profunda para a monitorización automatizada de activos da infraestrutura ferroviaria"*, realizada baixo a dirección de Belén Riveiro Rodríguez e Pedro Arias Sánchez.

15 Próximas actividades

- Foro Tecnolóxico de Emprego, 23 e 24 e febreiro marzo.
- Saída de campo de 2º curso: central hidroeléctrica de Belesar, 6 de marzo.
- Saída de campo de 1º curso (Física II): Fervenzas do Río Barosa e visita a unha mini central hidroeléctrica de Naturgy, 9 de abril.
- Celebracións do 8M.
- Celebración da fase nacional da "OLIMPÍADA DE XEOLOXÍA", 21 de marzo.
- "XEOLODÍA", 10 de maio; organización Bienvenido Díez.
- Olimpíada da Enerxía. Pendente data definitiva, posiblemente primeira semana de maio.

- Celebración do Día das Letras Galegas, 19 de maio.
- Viaxe estudos (graos e máster), do 9 ao 14 de xuño.